




Lección 22: O Canizo



Santuario das Ermitas


O Canizo - A Gudiña - Ourense

Comarca de Viana. Formada por: A Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e Vilariño de Conso.

Lugares de interese: Santuario das Ermitas, casco antigo de Viana do Bolo, balneario de Bembibre e antigas minas romanas en Caldesiños, rutas de sendeirismo etc.


Festas e celebracións: entroidos, San Martiño de Conso, romaría de Santo Antón etc.

Vocabulario: a casa



1. Garaxe
2. Entrada/recibidor
3. Paraugas
4. Colgadoiro
5. Escaleira
6. Chanzo
7. Cociña
8. Neveira
9. Mesa
10. Cadeira
11. Vertedoiro
12. Vasoira
13. Reloxo
14. Salón/sala
15. Moble
16. Televisor
17. Estante
18. Baño/cuarto de baño/aseo

Vocabulario: a casa



- 19. Bañeira
- 20. Váter
- 21. Pía
- 22. Cesto
- 23. Lavadora
- 24. Cuarto/habitación
- 25. Cama
- 26. Alfombra
- 27. Mesa de noite
- 28. Lámpada
- 29. Almofada
- 30. Colcha
- 31. Alpargatas
- 32. Ático
- 33. Ordenador
- 35. Sofá
- 36. Chimenea
- 37. Tellado

Para saber máis... o grao superlativo do adxectivo

O grao superlativo pode ser absoluto ou relativo

Superlativo absoluto

- Absoluto sintético: cos sufixos *-ísimo* ou *-érrimo*

Eses gatos son grandísimos / o home é paupérrimo

- Absoluto analítico: *moi, ben, bastante, ...* + adxectivo

Ana é moi alta - Luís é ben simpático - Os tíos son xenerosos abondo -

As veciñas son bastante ruidosas

Para saber máis... o grao superlativo do adxectivo

O grao superlativo pode ser absoluto ou relativo

Superlativo relativo

- Máis + adxectivo + de

María é a máis alta de todas

- Menos + adxectivo + de

María é a menos rápida de todas

Para saber máis... algunhas frases feitas

- **Non sexas tola, agacha a orella que te equivocaches:** Mostrarse submiso/a, ceder abandonar actitudes de rebeldía.
- **Quen faga mal había andar a rastro coma as cobras:** Úsase para desexarlle mal a alguén.
- **Non sexas rabuda, que vas ter que volver co rabo entre as pernas:** Cando unha persoa que se sente avergoñada, humillada.
- **Xoán, mira ben o que dis, que ti es moito de botar a lingua a pacer:** Facer comentarios sobre algo do que non se sabe nada.
- **Creo que lle botaches o ollo a Marisiña, a que si?:** Fixarse [en algo/alguén que che gusta].
- **Xulio é un aproveitado, mira para el, os ósos á súa nai:** Abusar [de alguén], tratar mal [a alguén].
- **Lois come coma un paxariño:** Comer moi pouco.

Para saber máis... algunhas frases feitas

- **Elia come cos ollos:** Ollar con desexo, interese, insistencia [alguén/algo].
- **Cala a boca, que ti es moito de cuspir para riba:** Falar mal ou facer críticas a alguén que poden volverse contra quen as fai.
- **Mira que cariña... dorme coma un santo:** Durmir placidamente.
- **Ai ho, esta sopa que fixeches está máis basta cós piollos:** Moi abundante.
- **Coido que nos vai tocar gardar a boca de aquí ao verán:** Ter coidado co que se come.
- **Mira para ela, está facendo o que máis lle gusta, non dar pancada:** Non facer nada, non traballar; ser unha persoa preguiceira.
- **Ten coidado con Pepe, que el non dá puntada sen fío:** Actuar de forma premeditada para conseguir algo.

Un pouco de práctica...

Escribe no chat unha oración onde empregues un superlativo.

Exemplo: *eu non son a que máis berra da clase*

Recomendación

